

## Á MESA DO PARLAMENTO.

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguintes **emendas á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número 51742(10/PNC-004136)** sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa atención primaria, incluída na orde do día da **Comisión 5ª** do próximo día 4 de setembro de 2019.

### **Emenda número 1 de adición no punto 1**

Débese engadir o seguinte texto:

“Previamente, realizar no inmediato un estudo sobre a dotación de persoal real da Atención Primaria de Galicia e das prazas vacantes, así como das previsións de xubilacións e un plan de continxencia sobre a súa cobertura, ademais dun estudo das previsións de formación de novos especialistas e un plan para a súa fidelización na Atención Primaria con medidas laborais solventes.”

### **Emenda número 2 de adición no punto 4,**

Débese engadir o seguinte texto:

“ e xeralizar a figura do/a Traballador/a Social.”

Santiago de Compostela, a 2 de setembro de 2019.

Asdo: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**





**Paula Vázquez Veroa na data 02/09/2019 17:30:25**

**Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 17:30:31**



## Á MESA DO PARLAMENTO.

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguintes **emendas á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia PNC 47098(10/PNC-003798)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario, incluída na orde do día da **Comisión 5ª** do próximo día 4 de setembro de 2019.

### **Emenda de adición**

Débese engadir o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo sobre a dotación de persoal real da Atención Primaria de Galicia e das prazas vacantes, así como das previsións de xubilacións e un plan de continxencia sobre a súa cobertura, ademais dun estudo das previsións de formación de novos especialistas e un plan para a súa fidelización na Atención Primaria con medidas laborais solventes.”

Santiago de Compostela, a 2 de setembro de 2019.

Asdo: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/09/2019 17:39:01**





**Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 17:39:11**

